

BANDO CORONAVIRUS CONCELLO VILASANTAR

Logo do consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 13 de marzo de 2020 onde se acorda declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da comunidade galega, o Concello de Vilasantar toma as seguintes medidas que lle competen como prevención de posibles contaxios do coronavirus.

. A casa do Concello de Vilasantar permanecerá aberta cos servizos mínimos (instaurando na medida do posible o teletraballo), restrinxindo a atención presencial a casos excepcionais. As consultas realizaranse preferiblemente por vía telefónica (Telf: 981 77 81 69) ou telemática (<https://sede.vilasantar.gal/opencms/es/>) ou correo electrónico (correo@vilasantar.com).

. Quedan suspendidas dende o venres 13 de marzo todo tipo de actividades municipais (lectivas, deportivas, culturais, de conciliación...) para todas as franxas de idade.

. O resto de instalacións municipais (agás o Concello co servizo mínimo) permanecerán pechadas.

. **O servizo de axuda no fogar prestarase en servizos mínimos**, e a atención polo departamento de Servizos Sociais farase de xeito telefónico (Telf: 981 77 82 57) ou telemático.

Estas medidas complementaranse coas que anuncie a Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade ate novo aviso.

Recoméndase extremar os coidados pessoais e cumprir coas recomendacións feitas polas autoridades sanitarias para evitar que os contaxios continúen avanzando. Recoméndase quedar na casa e evitar espazos onde haxa varias persoas.

É obriga e responsabilidade de TODOS/AS tomar as precaucións precisas tanto para preservar a nosa saúde, a das nosas familias, como axudar a que o sistema sanitario non colapse e os seus profesionais poidan continuar a desenvolver o seu traballo coa eficacia, dedicación e entrega coas que tan ben o están facendo ata agora.

No caso de que teña febre, tos ou dificultade para respirar ou haxa tido contacto con alguén positivo no coronavirus chamar ao 900 400 116.

Vilasantar, 13 de marzo de 2020

Asdo: Fernando Pérez Fernández

